

Ref.: 2024-MG (D)

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE DECLARAN DESERTAS PRAZAS DO 4º CONCURSO PÚBLICO PARA A CONTRATACIÓN DE PROFESORADO AXUDANTE DOUTOR. CURSO ACADÉMICO 2024-2025 (María Goyri)

Convocado o 4º concurso para a contratación de pofesorado axudante doutor, curso 2024-2025 (María Goyri) mediante a resolución reitoral do 11 de febreiro (anuncio no DOG do 17).

Publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo por parte das comisións de selección das prazas de referencia abaixo indicadas as correspondentes propostas de provisión.

Transcorrido o prazo de 5 días hábiles para interpoñer reclamacións contra as mencionadas propostas, sen teren sido reclamadas.

E consonte ao disposto nas bases quinta.6.b, sexta e sétima da convocatoria do 4º concurso público para a contratación de profesorado axudante doutor, curso 2024-2025 (María Goyri).

Esta reitoría

RESOLVE

Declarar concluído o procedemento e deserto o concurso para as seguintes prazas e polos motivos expostos en cada caso.

Referencia	Prazas	Área	Observacións
2024-MG-M-T05-065-AX3-TC-01	1	Ciencia dos mat. e enxen. Metalúrxica	Ningunha das persoas candidatas superou o corte de 54 puntos establecido na convocatoria
2024-MG-M-T07-520-AX3-TC-01	1	Enxeñería de sistemas e automática	As persoas propostas e/ou contratadas renunciaron, non habendo listaxe adicional de candidatos/as aptos/as
2024-MG-M-T15-075-AX3-TC-01	1	Ccia. da computación e inteli.artificial	

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao desta publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Sen prexuízo do anterior, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao desta publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá acudir á vía xudicial ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

O REITOR,
P.D. (R.R. de 30 de maio de 2024, DOG do 10 de xuño)
A vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica
(asinado dixitalmente)

